



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES "Maximino Romero de Lema"
881 960 015 Prado da Torre s/n 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PLAN DE CONVIVENCIA IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA

(BAIO-ZAS)

**APROBADO EN CONSELLO ESCOLAR O 30 DE MARZO DE 2017
ACHEGAS REALIZADAS E APROBADAS EN CONSELLO ESCOLAR O 30 DE XANEIRO DE 2018**

1.- Fundamentación teórica e legal (PAX 3)

1.1.- No ámbito internacional

1.2.- No ámbito nacional

1.3.- No contexto galego

2.- Análise da situación (PAX 6)

3.- Obxectivos específicos (PAX 7)

4.- Actuacións e medidas a desenvolver para favorecer a convivencia (PAX 9)

5.- Mediación escolar (PAX 12)

6.- Protocolo ante as situacións de acoso escolar (PAX 14)

7.- Normas de convivencia no Centro (PAX 14)

8.- Condutas contrarias á convivencia e as correccións correspondentes (PAX 14)

9.- Composición da comisión de convivencia (PAX 15)

10.- Canles de coordinación entre os distintos membros da Comunidade Educativa (PAX 15)

11.- Difusión do Plan de Convivencia (PAX 16)

12.- Seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia (PAX 17)

13.- Programa de habilidades sociais (PAX 18)

14.- Igualdade entre mulleres e homes (PAX 27)

15.- Anexos (PAX 28)

1.- Fundamentación teórica e legal

A preocupación social polo aumento da conflitividade nas aulas e a necesidade de educar na xestión pacífica dos conflitos veuse plasmando na lexislación europea, estatal e autonómica dos últimos anos.

1.1.- No ámbito internacional

O Informe á UNESCO da Comisión Internacional sobre Educación para o Século XXI (Comisión Jaques Delors) determina as aprendizaxes fundamentais ou alicerces do coñecemento, entre eles, o aprender a convivir.

Doutra banda, a Carta de Recomendación 12 (2002) do Comité de Ministros do Consello de Europa aos estados membros, apunta que se faga da educación para a cidadanía democrática un obxectivo prioritario da política educativa e das súas reformas. Algúns dos contidos suxeridos son os de resolver os conflitos de forma non violenta; argumentar en defensa dos puntos de vista propios; escoitar, comprender e interpretar os argumentos doutras persoas; recoñecer e aceptar as diferenzas; asumir responsabilidades compartidas ou establecer relacións construtivas, non agresivas, cos demais.

1.2.- No ámbito nacional

A Lei 27/05 de Fomento da Educación e da Cultura de Paz, art. 2, menciona: *“O Goberno promoverá a inclusión, como contido curricular, de iniciativas de educación para a paz a escala local e nacional [..]. O Goberno promoverá a formación especializada de homes e mulleres en técnicas de resolución de conflitos, negociación e mediación”*.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, establece no seu artigo 4 como principios de calidade do sistema educativo: *“A eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos”*.

A lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) recolle a competencia social e cidadá e considera principios do sistema educativo a educación para a prevención de conflitos e para

a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.É, tamén, unha finalidade explícita da educación e un obxectivo común en todas as etapas educativas. En concreto, na etapa da Educación Secundaria Obligatoria, o Artigo 23.d menciónase como obxectivo desta esta: *“fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relación cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos”*.

1.3.- No contexto galego

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, marca as condutas contrarias as normas, os dereitos e os deberes do alumnado así como as correccións mais habituais nos conflitos diarios. Resultan especialmente interesantes os artigos 19, sobre programas de habilidades sociais e as aulas de convivencia inclusivas, e o artigo 20, sobre os procedementos conciliados de resolución dos conflitos. Esta lei desenvólvese no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, onde se recolle tamén o desenvolvemento de procedementos conciliado na corrección das condutas gravemente perxudiciais para a convivencia.

O artigo 4. d) do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se implanta o currículo da ESO, subscribe o anteriormente dito. Finalmente, na Circular 10/2010, pola que se ditan instrucións para unificar liñas de actuación e establecer accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional, destácase entre as actuacións relacionadas coa convivencia e coa educación en valores, a importancia de *“deseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos”*e no Decreto 299/11, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia, en relación á mellora continua da calidade, advírtese que *“ditos centros priorizarán, entre outras actuacións, as que promovan a convivencia no centro escolar”*.

Neste contexto, nace o Observatorio Nacional da Convivencia e os observatorios autonómicos, deséñanse plans integrais de mellora da convivencia, difúndense experiencias

de boas prácticas e incorpórase na formación do profesorado contidos referidos á promoción da paz e da xestión emocional da aula. Ademais, sinálase a obrigatoriedade da inclusión dun Plan de Convivencia de Centro dentro do Proxecto Educativo. Por outra banda, introdúcese na nosa comunidade a persoa coordinadora de convivencia nos centros de educación secundaria.

Estes plans brindan a oportunidade para reflexionar e cuestionar o modo de entender a convivencia e as medidas a desenvolver. Nalgúns centros, xorden experiencias centradas na implantación de estratexias de xestión pacífica de conflitos: aulas de convivencia, grupos de axuda, equipos de mediación, alumnado axudante, titorías persoais, asembleas de clase, aprendizaxe-servizo, etc. de carácter máis democráticas e que outorgan maiores oportunidades para que sexa o propio alumnado quen participe na resolución dos seus propios conflitos. Por outra banda, a negociación compartida das normas, os programas de educación emocional no marco do plan de acción tutorial e os plans de prevención do acoso escolar supoñen outras experiencias para a construción da convivencia.

O primeiro informe do Observatorio Estatal da Convivencia destaca o feito de mellorar a calidade do sistema educativo mellorando a convivencia dende unha perspectiva integral. Fai, tamén, fincapé na mellora a eficacia educativa das sancións, pois queda demostrado que os centros que mais sancionan (e de xeito mais automático), empeoran a convivencia por redundar en solucións ineficaces.

É preciso ir mais alá dos modelos punitivos, e avanzar cara un novo modelo que aborde e constrúa as normas de xeito democrático, que rompa as estruturas de dominio-sumisión, que afonde no desenvolvemento moral, que supoña aprender ó alumnado a xestionar as emocións propias, a anticipar as consecuencias dos seus actos, na reconciliación, e na reparación do dano para avanzar cara o futuro. Supón basear as relacións no respecto mutuo, tendo clara a diferenza entre autoridade e o autoritarismo. Supón, tamén, o cambio dos sistemas inflexibles de aplicación de sancións, a sistemas que teñan en conta as características de cada alumno/a e da súa situación familiar, social e educativa, o paso dun modelo de decisión sobre sancións exclusivamente centrado na dirección, a unha toma de decisións en pequeno grupo.

Entendemos, por tanto, que a convivencia se constrúe, tamén coa participación do alumnado e das súas familias na xestión dos conflitos, pois son os conflitos oportunidades de aprendizaxe e a xestión das emocións unha habilidade esencial para a vida nas sociedades

2.- Análise da situación

O Centro, en liñas xerais, caracterízase por ter uns índices de conflictividade baixos, o número de amonestacións que se rexistran é baixo, a maioría dos apercibimentos son leves, raramente un alumno/a acumula un número elevado de partes; polo tanto a Comisión de convivencia ten que intervir en poucas ocasións. A convivencia discorre por uns cauces de tranquilidade.

Aínda así cada curso rexístrase algún expediente disciplinario, por faltas gravemente perxudiciais para a convivencia, entón debemos enfocar as nosas actuacións cara a total eliminación destas condutas, que aínda que esporádicas, perturban a convivencia no centro.

Daráselle unha especial relevancia ao tema do acoso.

A análise da convivencia no centro expónse en cada Claustro Ordinario, e logo infórmase ao Consello Escolar. Os contidos de dito informe son os seguintes:

1.- Incidencias rexistradas e partes de amonestación:

Nos últimos cursos a relación de partes de amonestación foi a seguinte:

- Curso académico 14 - 15: 39 partes de amonestación.
- Curso académico 15 – 16: 16 partes de amonestación.
- Curso académico 16 - 17: 17 partes de amonestación.
- Curso académico 17 – 18: 17 partes de amonestación.

A notificación ás familias das faltas leves faise persoalmente vía telefónica a través da xefatura de estudos, para que a información sea en tempo real, aínda que esta vía non substitúe á comunicación por escrito.

Os motivos máis habituais destes partes acostuman a ser:

Mal comportamento na clase, interrompendo ao profesor ou falando continuamente cos compañeiros e o uso do móvil dentro do recinto do Centro, saídas do centro en tempos de recreo por parte de alumnado menor de idade

2.- Medidas adoptadas para a súa corrección:

A comisión de convivencia reúnese no momento que hai acumulación de tres partes ou unha conducta moi grave. A partir dese intre, coméncase un procedemento corrector.

3.- Procedementos disciplinarios.

A relación de incoacións de procedementos disciplinarios nos últimos cursos foi de un procedemento por curso académico.

3.- Obxectivos específicos

-Mellorar a convivencia no centro como resultado da análise, da reflexión e do acordo.

-Desenvolver na comunidade escolar os valores de respecto, tolerancia, solidariedade, dereitos humanos, igualdade entre homes e mulleres... para formar persoas que se respecten a si mesmas, aos outros e que sexan responsables dos seus actos.

-Facilitar á comunidade educativa instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

-Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

-Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade, no fomento da igualdade entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

-Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

-Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos, fomentando valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

-Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente as competencias social e cidadá e da autonomía e iniciativa persoal. Non basta coa adquisición de coñecementos teóricos referidos exclusivamente ás materias que se ensinan. Os bos modales, o saber expresarse nun ton correcto, sen levantar o ton, a cortesía, non tirar cousas ao chan, ceder o paso nos pasillos e nas escaleiras e saudar son igualmente imprescindibles para a formación como persoas.

-Dinamizar e impulsar a Escola de familias, fomentando e facilitando a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes..

-Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais, tentando integrarnos en Redes de centros educativos en torno á temática da convivencia escolar.

-Procurar a mellora do clima escolar mediante cambios físicos, materiais e organizativos do centro que faciliten a convivencia e a consecución dos obxectivos educativos marcados. Favoreceremos a formación no marco das "aulas sen paredes", mediante saídas e excursións. No que atinxe ao centro, coa chegada do bo tempo, aproveitaremos o xardín e o entorno natural privilexiado do noso centro, facendo del un espacio acolledor tamén para quen se anime a dar clases ao ár libre. Unhas mesas e cadeiras esparcidas entre as árbores favorecerían que o noso alumnado se atrevese por fin a adentrarse nos espazos verdes.

- Sensibilizar a todos os sectores da comunidade escolar da necesidade de formarse en habilidades sociais como medio de contribuír á resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, mellorando por exemplo a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos.
- Ofrecer maior protagonismo ao alumnado na resolución dos seus conflitos, formando alumnado mediador e axudante.
- Asegurar unha avaliación continua non só do alumnado senón do conxunto do profesorado mediante as medidas correspondentes, evitando na medida do posible o estrés que acompaña ás sesións de avaliación.
- É necesario especificar que non se deberían tomar recreos para comezar/ampliar o tempo de exames. Nin tampouco no caso dunha convocatoria de folga. O recreo é un tempo de esparcemento necesario e o dereito á folga un dereito recoñecido.

4.- Actuacións e medidas a desenvolver para favorecer a convivencia

Entre as actuacións, medidas ou programas a desenvolver para favorecer a convivencia, enuméranse as seguintes:

-
- Calquera demanda ou reclamación de alumnado, pais/nais, profesorado, PAS, ANPAS, deberá seguir a canle regulamentaria:
 - .- Primeiro paso no Centro: Profesor/a, Titor/a, Orientador/a, Xefe/a de estudos, secretario/a, Director/a.
 - .- En segundo lugar, se non se resolveu dita reclamación, á Inspección do Centro.
 - .- En último lugar, se fora preciso, a Xefatura Territorial.

Este apartado implementarase con un anexo no que se profundizará nos posíbeis casos particulares.

- Consensuar un protocolo de exames.

- Consensuar un protocolo de folgas. (Anexo)

-A procura dunha correcta convivencia escolar estará presente en todas as actuacións organizativas, curriculares e de coordinación que se desenvolvan tanto no propio centro como nas actividades extraescolares e complementarias que teñan lugar fóra del. Para isto, trataremos de poñer en marcha grupos de traballo, así como formación no centro relacionados coa temática da convivencia escolar. Igualmente trátase de revisar e redactar dentro do plano de acción tutorial actividades relacionadas coa convivencia escolar.

- Presenza do profesorado e dos membros da dirección nos diferentes espazos do centro.

-Formación de grupos de mediación entre o alumnado que actúe na resolución pacífica dos conflitos mediante a posta en marcha do servizo de mediación escolar, integrando nesta mediación a toda a comunidade educativa.

-Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar e o ciberacoso dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparen para detectalo, reaccionar e intervir fronte a este.

-Posta en práctica de medidas e/ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura da paz.

-Convocar reunións de nais e pais interesados en escoitar e debater diferentes temas que lles afecten aos seus fillos/as: a sexualidade, a adolescencia, as redes sociais e a adicción as novas tecnoloxías.

-Dinamizar os recreos e ampliar a súa oferta con actividades lúdicas, xogos tradicionais, xogos de mesa, obradoiros de manualidades. Insistimos en que non se aproveiten para comezar/ampliar o tempo de exames.

- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres, para previr posibles situacións de violencia de xénero. Neste

ámbito teranse en conta tres principios básicos: visibilidade para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións. Tamén cómpre facer uso dunha linguaxe non discriminatoria; transversalidade, que o principio de igualdade se contemple en todas as materias; inclusión á fin de correxir os desaxustes producidos pola desigualdade.

- Actividades diversas e favorecedoras das relacións e habilidades sociais, a resolución de conflitos e o respecto das normas, organizadas polos distintos departamentos: actividades deportivas, actividades teatrais, actividades do campo lingüístico, literario e científico, viaxes, intercambios, estadias, actividades relacionadas coa solidariedade e o servizo á comunidade, etc.

- Medidas preventivas e de sensibilización:

- Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, facilitando o coñecemento do centro e das normas de convivencia, asemade da existencia da ANPA.
- Actividades encamiñadas á sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa a través de charlas e campañas (Plan Director da Garda Civil, Servizos Sociais do Concello, especialistas varios)

-Aplicación do protocolo de acoso escolar (http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_prevencion_deteccion_intervencion_risco_suicida_ambito_educativo.pdf), no que se inclúen diverso tipo de medidas para detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, aplicando, se é o caso, as oportunas medidas correctoras e/ou sancionadoras.

5.- Mediación escolar

Tal como se recolle na lexislación vixente, os centros educativos promoverán a través das Xefaturas de Estudos a mediación como método de resolución pacífica de conflitos.

A mediación escolar é un método de resolución pacífica de conflitos, no que mediante a intervención imparcial dunha terceira persoa, axúdase ás partes implicadas a acadar por sí mesmas un acordo satisfactorio.

Baséase nos seguintes principios:

- É un acto cooperativo e non competitivo
- Está orientado cara o futuro en vez de cara o pasado
- Ninguén gaña nin perde: as dúas partes saen gañando
- Esixe honestidade e sinceridade
- É voluntario
- Non é amenazante nin correctivo
- É confidencial

Calquera membro da comunidade educativa pode ser mediador/a, as características que debe reunir un mediador/a son:

- É neutral, non trata de favorecer a ninguna parte
- Non é un xuíz do conflito
- É un bo ointe, usa técnicas de escoita activa

- Está interesado en que as partes se sintan a gusto
- É paciente, está disposto a axudar ás partes

Características básicas do proceso da mediación:

- Como norma xeral pode haber dous mediadores
- As partes en disputa expoñen as súas posicións e intereses
- Escoitanse mutuamente e propoñen solucións
- Acordanse solucións satisfactorias e xustas para as dúas partes

Conflitos que se poden resolver en mediación:

- Aqueles que non supoñan unha transgresión grave das normas de convivencia
- Disputas entre alumnos/as, ameazas, rumores destrutivos, malas relacións...
- Amizades deterioradas
- Conflitos entre profesores e alumnos e viceversa
- Situacións que desagraden ou parezan inxustas

Dado que é un proceso no que ambas partes acoden de xeito voluntario, outras opcións que quedan son:

- Aterse ao Regulamento Disciplinario do centro
- Perder relacións e amizades
- Non facer nada e sentirse cada vez peor cos demais e con un mesmo
- Continuar co problema

A mediación permite sacar á luz problemas que non saberíamos como resolver, sempre que as dúas partes, voluntariamente, accedan a encontrar unha solución conxunta.

6.- Protocolo ante as situacións de acoso escolar (artigo 30.2 da lei 4/2011)

A Consellería de Educación presentou e maio do 2013 un documento pormenorizado para regular as actuacións ante posibles casos de acoso escolar: *Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*.

(<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>)

O protocolo establece catro fases diferenciadas para o tratamento dos conflitos:

1. coñecemento, identificación e comunicación da situación.
2. recollida e rexistro de información.
3. análise da información e adopción de medidas.
4. seguimento, avaliación e rexistro das medidas adoptadas.

Procurarase amosar unha especial atención na primeira fase do proceso, na posible identificación do caso de acoso, para non demorar excesivamente os demais pasos.

Seguiranse estritamente os protocolos e anexos documentais proporcionados pola Consellería de Educación.

7.- Normas de convivencia no Centro

Aparecen recollidas nun documento específico (NOF)

http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmaximoromerodelema/system/files/NOF_2016.pdf

8.- Condutas contrarias á convivencia e as correccións correspondentes.

Están reflectidas nas NOF

http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmaximoromerodelema/system/files/NOF_2016.pdf

9.- Composición da comisión de convivencia

A Comisión de Convivencia constituirase ao comenzo de curso na primeira sesión ordinaria do Consello Escolar, haberá representación de todos os sectores da comunidade educativa, procuraráse a paridade de homes e mulleres na súa composición. As súas competencias e actuacións están recollidas na lexislación vixente, a periodicidade das xuntanzas será, con carácter xeral, a establecida para os órganos colexiados.

10.- Canles de coordinación entre os distintos membros da Comunidade Educativa

A coordinación para a dinamización do Plan de Convivencia farase por sectores:

-Alumnado-Titor/a-Orientador

O titor/a en colaboración co orientador, será o encargado da dinamización do Plan no seu grupo, informado ao profesorado que imparta nesa aula.

-Familias-Titor/a-Orientador-Xefatura de Estudos

As familias serán convocadas dende a Xefatura de Estudos, a través do titor/, o orientador estará presente nesas xuntanzas.

-Profesorado-CCP-Xefatura/Dirección

O profesorado será informado e realizará as súas achegas a través da CCP, a Xefatura e/ou dirección, farán chegar a información a través deste órgano de coordinación docente.

-Persoal non docente-Secretario-Dirección

O persoal non docente comunicará ao Secretario, e este ao Director, todo o relativo á convivencia no centro.

A Comisión de Convivencia aglutinará todas as propostas e actuacións levadas a cabo dentro do Plan de Convivencia, asesorando, apoiando e levando a cabo actuacións de mellora no ámbito da convivencia no centro.

11.- Difusión do Plan de Convivencia

Para que sexa coñecido por toda a comunidade educativa, o Plan de Convivencia será divulgado, basicamente, a través de dous medios: a páxina web do instituto e os exemplares impresos depositados nos despachos da Dirección e da Xefatura de Estudos e na sala de profesores/as.

No primeiro Claustro de cada curso, o equipo directivo informará dos aspectos máis relevantes do Plan de Convivencia, en especial, do protocolo de acoso escolar. O profesorado que se incorpore unha vez iniciado o curso será informado pola Xefatura de Estudos.

Nas reunións iniciais de cada curso coas familias e o profesorado titor coa Xefatura de Estudos e a Xefatura do Departamento de Orientación, informarase do Plan de Convivencia e do protocolo de acoso escolar.

Na sesión inicial do titor co seu grupo, a persoa titora informará ao alumnado do Plan de Convivencia. Co alumnado da ESO desenvolveranse as sesións de tutoría incluídas no Plan de Acción Titorial destinadas ao coñecemento do Plan e das NOF.

12.- Seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia

Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar, a Comisión reunirse as veces establecidas neste plan e terase en conta:

- A memoria anual que realice a Comisión de Convivencia, que reflectirá datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación, así como as propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria será aprobada polo Consello Escolar e formará parte da memoria anual do centro.
- Entre os indicadores que debería contemplar a memoria están:
 - O grao de consecución dos obxectivos.
 - O grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.
 - O nivel de aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos.

Especial atención debe prestarse á mediación, valorando aspectos como:

- Número de participantes.
- Número de solicitudes de mediación.
- Sectores da comunidade educativa que derivan casos de mediación.
- Grao de implicación e concienciación da comunidade educativa ante o proxecto.
- Grao de satisfacción dos participantes.
- Número de mediacións resoltas satisfactoriamente.
- Cumprimento de acordos.
- A memoria anual que elabore o Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

13.- Programa de habilidades sociais

INTRODUCCIÓN

Aínda que non se chegou a un acordo unánime ao respecto, podemos definir as habilidades sociais como as condutas que se producen en situacións de relación, nas que expresamos sentimentos, actitudes, ideas, opinións, os propios dereitos ... respectando o dereito das demais persoas a expresarse igualmente (Caballo, 1986).

Podemos sinalar que unha resposta ou conduta é socialmente competente cando é efectiva para a consecución dos obxectivos que se pretenden e para manter ou manexar a relación con outra persoa e a propia autoestima (Linehan, 1984). Loxicamente, todo isto vai en función do tempo, as situacións e os actores, porque non existe unha maneira "correcta" de comportarse que sexa universal, senón enfoques diferentes que poden variar segundo cada individuo.

Desta maneira, consideramos que as habilidades sociais son fundamentais para o desenvolvemento persoal e para o establecemento dunha convivencia positiva e respectuosa tanto con un mesmo como co contorno físico e social das persoas. E, ao mesmo nivel de importancia que as habilidades sociais, e de maneira inseparable a elas, situamos tamén a educación e formación en valores que favorezan a liberdade, a responsabilidade, a tolerancia, a solidariedade, a participación e o respecto para mellorar a convivencia e o desenvolvemento persoal.

Por estes motivos as habilidades sociais e a educación en valores deben formar parte dos contidos educativos, e así se reflicte, de maneira directa ou indirecta, nos principios e finalidades do sistema educativo e nos obxectivos xerais das distintas etapas que o conforman, así como na normativa reguladora da convivencia e participación da comunidade educativa.

De acordo a todo o establecido anteriormente, deséñase o presente programa educativo para desenvolver e formar ao alumnado nas habilidades sociais como complemento esencial á formación de carácter máis académico para lograr o desenvolvemento integral do alumnado.

Propónse a súa aplicación nos cursos 1º e 3º de ESO e no 1º curso de Formación Profesional Básica, tendo en conta o desenvolvemento evolutivo do alumnado da ESO, e combinando e relacionando as actividades deste programa con outras actuacións previstas no Plan de Acción Tutorial todas elas contribuíntes á formación e desenvolvemento do alumnado nos planos persoal, afectivo e social: desenvolvemento de habilidades persoais e sociais, prevención do consumo de drogas, prevención de condutas antisociais, cohesión grupal, toma de decisións e educación en valores.

OBXECTIVOS

A finalidade principal do programa de habilidades sociais é que o alumnado aprenda a ser unha persoa auténtica, que aprenda a convivir e que aprenda a pensar resolvendo os problemas que lle formula o seu propio autoconceito e as relacións sociais cos demais.

Establécense os seguintes obxectivos xerais:

- Contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado previndo situacións conflictivas e condutas de risco.
- Mellorar a capacidade de resolución de problemas e, con iso, a súa autoestima e autoconceito.
- Fomentar a independencia e a autonomía nas relacións cos demais e co contorno.
- Potenciar a relación interpersonal e afectiva do grupo, favorecendo o autoconecemento.
- Fomentar un comportamento democrático en situacións de grupo, mostrando un espírito colaborador e participativo.

CONTIDOS

As habilidades sociais que se traballarán mediante este programa serán as seguintes:

- Habilidades de comunicación eficaz
- Iniciación e mantemento dunha conversa
- Asertividade
- Aceptación e petición de citas
- Expresión e aceptación de cumprimentos
- Solución de conflitos e problemas interpersoais

ACTIVIDADES

Os contidos indicados anteriormente desenvolveranse mediante a secuenciación e temporalización de actividades que se indica nas táboas presentadas a continuación.

Estas actividades específicas deste plan servirán como complemento e concreción das aprendizaxes e prácticas que de maneira indirecta se vaian realizando de maneira transversal e integrada no curriculum das demais materias, por parte de todo o profesorado e durante toda a etapa educativa.

A secuenciación vén determinada pola adecuación ao desenvolvemento evolutivo do alumnado e pola coordinación e relación con outras cuestións traballadas no Plan de Acción Titorial.

A duración indicada para cada actividade é orientativa e haberá que tomala de maneira flexible, favorecendo sempre o diálogo, o debate, a análise e a reflexión persoal e grupal sobre os aspectos traballados e adaptándoa para dar resposta axeitada ás inquietudes e

necesidades do alumnado, aumentando o número de sesións e ampliando con máis actividades nestes ou noutros cursos se se considera conveniente.

Para o alumnado de Formación Profesional Básica propóñense en principio as mesmas actividades que para o alumnado de 3º ESO, aínda que se valorará a conveniencia de realizar tamén todas ou algunha das de 1º ESO, ou amplialas, modificalas ou buscar outras alternativas en función do perfil do alumnado, do curso de procedencia e das características e necesidades específicas dese grupo.

1º ESO	
ACTIVIDADE	CONTIDO
1	Habilidades de comunicación eficaz
2	Habilidades sociais nas relacións interpersoais
3	Asertividade

O material de referencia para estas actividades é o Programa de Desenvolvemento Persoal e Social, ampliación e adaptación do programa de J. G. Botvin por parte da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, e publicado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3º ESO e 1º curso de Formación Profesional Básica	
ACTIVIDADE	CONTIDO
1	Asertividade
2	Aceptar e pedir citas
3	Expresar e aceptar cumprimentos
4	Solución de conflitos e problemas interpersoais
5	Iniciar e manter unha conversa

Para desenvolver as actividades propostas para 3º ESO e para o primeiro curso da Formación Profesional Básica proponse como material de referencia a publicación Materiales para la acción tutorial en ESO, publicado polo Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco e traducido ao galego polo Departamento de Orientación do IES Maximino Romero de Lema.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O entrenamento nas habilidades sociais que se poñen realizarase atendendo ás seguintes pautas:

- Previa á exercitación de cada habilidade debe crearse un clima axeitado de motivación cara á tarefa, reflectido un desexo de participación por parte do alumnado. Ademais, explicaráselle ao alumnado os obxectivos da cada habilidade, o procedemento a seguir e os beneficios que se esperan obter.
- A disposición do alumnado na aula será a que mellor favoreza un espazo de representación; unha boa alternativa pode ser a de sentarse en forma de ferradura.
- Procurarase que cada tarefa reflecta situacións realistas con validez ecolóxica para desta maneira favorecer unha aprendizaxe significativa.
- Para a aprendizaxe de cada habilidade realizaranse secuencias de modelamento, representación de papeis e tarefas de xeneralización para a casa.
- Para o desenvolvemento das actividades propónse empregar o material de referencia indicado anteriormente na descrición das actividades para cada un dos cursos.

CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Tras a aprendizaxe de cada unha das habilidades ensaiadas na aula é conveniente que cada alumno e alumna anote as súas impresións, dificultades e vantaxes que observa na súa aplicación, situacións ás que se pode xeneralizar o aprendido, etc.

Para axudar a sistematizar as súas reflexións aconsellamos que estas anotacións se estructuren en apartados clásicos, como poden ser:

- nome da habilidade e data
- definición persoal da habilidade aprendida
- finalidade
- situacións nas que se pode aplicar
- recomendacións ou aspectos básicos a ter en conta para utilizar correctamente a habilidade
- aportacións realizadas polos compañeiros e compañeiras: aspectos positivos a mellorar
- valoración persoal.

As habilidades sociais deben avaliarse de igual forma que os demais contidos curriculares, aínda que coa especificidade de que os contidos procedimentais e actitudinais teñen un peso fundamental, maior incluso que os estritamente conceptuais.

De entre os instrumentos de avaliación, optamos pola observación sistemática como un dos procedementos máis útiles para recoller datos que permitan unha avaliación individualizada, sen excluír outras posibilidades como cuestionarios, entrevistas co alumnado, etc.

Cada unha das habilidades a impartir alude a unhas capacidades que están incluídas nos aspectos desa habilidade. Estas capacidades son o referente para a avaliación.

De cara a facilitar a tarefa do titor ou titora recolleamos algúns criterios de avaliación que nos parecen máis axeitados e que poden adaptarse a cada unha das habilidades traballadas:

1. PARTICIPACIÓN ACTIVA NAS SESIÓNS

- Escoita con interese.
- Pregunta.
- Realiza suxestións.
- Colabora en actividades "voluntarias".

2. ESFORZO POR MELLORAR NAS SÚAS HABILIDADES

- Aceptación das observacións que lle fan os seus compañeiros e compañeiras, así como o profesorado, poñéndoas en práctica.
- Realización das tarefas da aula con interese.

3. RELACIÓN CON COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS

- Respéctaos.
- Axúdaos.
- Evita críticas persoais.
- Fai aportacións positivas e conciliadoras en caso de conflito.

4. APLICACIÓN DAS HABILIDADES EN ÁMBITOS EXTRAACADÉMICOS

- Realización das tarefas para a casa.
- Valoración desa tarefa realizada polo propio alumno ou alumna.

5. COMPRESIÓN E ASIMILACIÓN DA HABILIDADE

- Entende os obxectivos de cada habilidade.
- Sabe seguir os pasos do modelo nos seus ensaios de conduta: o verbal e o non verbal.
- Discrimina entre o fundamental e o accesorio.
- Identifica posibles variantes ao aplicar cada habilidade.

Estes criterios de avaliación recóllense na seguinte folla de rexistro que pode ser empregada polo titor ou titora para recoller datos de cada habilidade traballada durante e/ou ao final de cada sesión.

Rexistro de observación

ALUMNADO	PARTICIPACIÓN	ESFORZO	RELACIÓN COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS	APLICACIÓN HABILIDADES SOCIAIS	COMPRESIÓN E ASIMILACIÓN
Nº 1					
Nº 2					
Nº 3					
Nº 4					
Nº 5					

Nº 6					
------	--	--	--	--	--

Propónse a continuación un instrumento que pode axudar a valorar a competencia de cada alumno e alumna nas habilidades que se traballaron, deseñado para que o cubran antes de iniciar as actividades e despois de rematalas.

O alumnado autocualificarase de 0 a 5 (0: Nada hábil; 5: Moi hábil). Este rexistro serve de base para que o titor ou titora constate o nivel do alumnado e planifique as actividades educativas na aula.

Rexistro para a pre-avaliación e post-avaliación do alumnado

1º ESO		
HABILIDADES SOCIAIS	ANTES	DESPOIS
Comunicación eficaz		
Relacións interpersoais		
Asertividade		

3º ESO, 1º FPB			
HABILIDADES SOCIAIS	ANTES		DESPOIS
	PERSOAS MESMO SEXO	PERSOAS DISTINTO SEXO	PERSOAS MESMO SEXO
Aprender a dicir "NON"			
Aceptar e pedir citas			
Expresar e aceptar cumprimentos			
Solucionar conflitos			
Iniciar e manter conversas			

Por último, propónse tamén o seguinte cuestionario de autoavaliación do profesorado:

CUESTIONARIO DE AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

1. Como valorarías globalmente o traballo realizado na aula sobre as habilidades sociais?

Satisfactorio

Útil para o alumnado

Cómodo

.....

Insatisfactorio

Prescindible

Incómodo

.....

2. Indica que apartados da metodoloxía de ensino das habilidades sociais che resultaron máis difíciles de realizar na aula e cales máis fáciles (modelado, ensaios condutuais, retroalimentación, xeneralización). Xustifica a túa resposta.

.....
.....
.....
.....
.....

3. Consideras que conseguiches cumprir satisfactoriamente os obxectivos que se marcaban para cada unha das actividades? SI NON

En caso negativo, a que cres que se debiu?

4. Cres que estas actividades se adaptan ás necesidades do alumnado? SI NON

Por que?

5. De entre as actividades realizadas, cales che parecen máis básicas e importantes?

.....

6. Engadirías ou suprimirías algunha actividade? SI NON

Cal?

7. Cres que no teu centro se traballan suficientemente as habilidades sociais?

8. En que ámbitos (áreas, materias), aparte da titoría, poderían traballarse as habilidades sociais?

9. O PEC contempla a aprendizaxe das habilidades sociais?

Cres que debería facelo?

10. Que che aportou como docente traballar as habilidades sociais na aula?

.....

11. Que carencias, de formación, de recursos ou de outro tipo detectaches na posta en práctica das habilidades?

.....

Finalizado o programa realizarase unha análise global dos resultados da avaliación feita tanto polos titores e titoras como polo alumnado coa intención de definir os aspectos que é necesario modificar, en que sentido se deben deseñar as modificacións, que novos aspectos é necesario incorporar e cales é preciso suprimir, etc. As conclusións desta análise e as propostas de mellora serán recollidas na memoria do Departamento de Orientación.

Os criterios para a avaliación do programa de habilidades sociais son os seguintes:

- A adecuación do programa ás necesidades dos seus destinatarios.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- A adecuación das actividades aos seus destinatarios.
- A adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles.
- O grao de participación, implicación e satisfacción do profesorado, alumnado e familias nas actividades realizadas.
- A adecuación da temporalización na que se levou a cabo a programación.

BIBLIOGRAFÍA E MATERIAIS DE APOIO

- CABALLO, V. (1988): *Teoría, evaluación y entrenamiento de las habilidades sociales*. Promolibro. Valencia.
- DÍEZ QUIJANO, B. e outros (2001): *Materiales para la acción tutorial en ESO*. Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco. Vitoria-Gasteiz.
- GOLDSTEIN, G. e outros (1989): *Habilidades sociales y autocontrol en la adolescencia*. Martínez Roca. Barcelona.
- LÓPEZ, F. (1995): *Educación sexual de adolescentes y jóvenes*. Siglo XXI. Madrid.
- LUENGO MARTÍN, M. A. (1998): *Programa para o desenvolvemento persoal e social. Ampliación e adaptación do programa de J. G. Botvin*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.
- VALLÉS ARÁNDIGA e outros (1994): *Programas de refuerzo de las habilidades sociales III*. EOS. Madrid.

14.- Igualdade entre mulleres e homes

No noso Centro Educativo está moi presente por en valor no día a día a igualdade entre mulleres e homes. Levamos dende o curso 2017-2018 traballando en proxectos interdisciplinares para conseguir concienciar a toda a comunidade educativa da necesidade de camiñar cara a igualdade. Proxectos tan interesantes como “Feminino Plural”, “Ao son delas”, “Donas de sí” e na actualidade “Ao son do Rural” e “Ao son da Saúde” están sempre vertebrados por conceptos como feminismo e xustiza social.

A enerxía transformadora destes proxectos sitúase no traballo en valores e, fundamentalmente, nunha intervención planificada a respecto da igualdade de xénero da que deriva un proceso espontáneo, difusor e non planificado de valores que contaxian e se retroalimenta do movemento social e está a modificar o noso sistema cultural, desde abaixo e con protagonismo das novas xeracións.

O labor educativo é un traballo permanente e planificado a medio-longo prazo. Estes proxectos non son simplemente unha sucesión de actividades continuadas. É un proxecto planificado con bases metodolóxicas nas dinámicas dos movementos sociais, especialmente do feminismo, da pedagogía social, da psicoloxía social, da xestión cultural ou da animación sociocultural.

Así que este proceso comeza nas aulas e é aí onde, coa implicación importantísima das familias, alumnado e profesorado, comeza a crecer a vontade de crear -dende o feminismo e o activismo lingüístico- unha nova forma de ser, facer e pensar.

<http://donasdesi-baio.blogspot.com/>

<https://aosondasaude.wordpress.com/>

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/vii_planigualdade_20170403_galego_1.pdf

ANEXOS

1.- AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Partimos do principio de que todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar, cada un na esfera que máis directamente lle corresponda. Deste modo, toda a comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Co fin de potenciar a participación e seguimento do Plan de Convivencia, engádense funcións a órganos xa existentes ,Consello Escolar, Claustro, equipo directivo, órganos de coordinación docente, modifícase a estrutura e ampliáanse as funcións da Comisión de Convivencia e créase outro novo, o Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.1.Funcións do Consello Escolar:

Ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da LOMCE, a Lei de Convivencia atribúelle as seguintes competencias:

- .- Elixir as persoas representantes da Comisión de convivencia.
- .- Establecer directrices para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
- .- Realizar anualmente o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.
- .- Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da Comunidade Educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

1.2.Funcións do Claustro:

- .- Realizar propostas para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.

- Participar na avaliación periódica da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do Plan de Convivencia.
- Proponer actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

1.3.Funcións do equipo directivo:

- Desempeñar as competencias da Comisión de Convivencia se esta non está constituída.
- Axentes responsalbes da convivencia escolar
- Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Expoñer ao claustro de profesores un resumo da memoria final elaborada pola Comisión de Convivencia salientando os aspectos máis determinantes (positivos e negativos) para a convivencia no centro.
- Recordar no claustro de inicio de curso os puntos das NOF que máis afectan á convivencia no centro, salientando as actualizacións feitas e pedindo un compromiso por parte do profesorado no seu cumprimento.

1.4.Funcións do director:

- Garantir as condicións para que exista no centro un axeitado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos establecidos no Plan de Convivencia.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.
- Impoñer as medidas correctoras.

1.5.Funcións do xefe de estudos

- .- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de Convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- .- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de Convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.
- .- Promover as actuacións da mediación.
 - .- Organizar a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

1.6. Funcións dos órganos de coordinación docente

- .- No seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o Plan de Convivencia e as normas de convivencia do centro, de modo que figuren nas concrecións curriculares correspondentes.
- .- Axentes responsalbes da convivencia escolar

1.7.A Comisión de Convivencia

Composición:

Este organismo constitúese no seo do Consello Escolar. Ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar.

Está composta polos representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, todos eles na mesma proporción na que están representados no Consello Escolar do centro. No noso caso está pendente de constituír no primeiro Consello despois da renovación deste ano, debido a que marcharon moitos profesores e a maioría do alumnado representado. Será presidida pola persoa titular da Dirección do centro e un dos

seus integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións. Na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes.

O nomeamento das persoas integrantes na Comisión de Convivencia corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos, necesariamente. .

Funcionamento:

Realizará unha avaliación ao inicio de cada curso escolar tendo en conta:

- Os datos achegados a partir de enquisas especificamente elaboradas pola propia Comisión.
- A análise partir de datos procedentes das incidencias ocorridas no curso anterior.
- As propostas que figuran na Memoria anual elaborada pola propia Comisión.
- As achegas proporcionadas por calquera dos sectores da comunidade educativa.
- A partir da análise dos datos da avaliación inicial, introduciranse as modificación oportunas.

-Sen prexuízo de que celebre cantas xuntanzas considere necesario en función das circunstancias concretas de cada curso, manterán un mínimo de tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

-Nas reunións da Comisión destinadas a revisar o Plan de Convivencia, incorporárase o responsable do Departamento de Orientación, así como a persoa designada para fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

-Sempre que o considere oportuno, poderá solicitar colaboración e asesoramento doutros órganos de coordinación docente.

Funcións:

-Elaborar o Plan de Convivencia

- Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do Plan de Convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propoñer ao Consello Escolar cantas medidas considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propoñer, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar ao Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas a nivel centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da administración educativa con competencias na materia.
- Se o considera oportuno, poderá solicitar o asesoramento dos profesionais do Departamento de Orientación do centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello de Zas ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do entorno que poidan colaborar na mellora da convivencia.

1.8.O Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia

É un novo organismo de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar. Estará adscrito á Consellería con competencias en materia de educación, e contará co apoio dos servizos técnicos da administración educativa, para fomentar a participación dos membros da comunidade educativa na mellora da convivencia.

2.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA 2018-2019

Este ano a maioría do alumnado que estaba no Consello Escolar marchou estudar á Universidade, dous profesores do Consello obtiveron praza no Concurso de Traslados e outros dous permutaron. Así pois, este ano a Comisión de Convivencia está sendo asumida polo Equipo Directivo e coa axuda da Comisión de Cultura (que ten tres persoas que están no Consello Escolar). Así pois, ate o vindeiro día 26 que son as eleccións no noso Centro ao Consello Escolar non poderemos saber cales van a ser os integrantes. Na primeira reunión do Consello Escolar o día 10 de decembro constituiremos a Comisión de Convivencia para os vindeiros cursos.

3.- GRUPO DE MEDIADOR@S 2018-2019

Poñer o enlace da páxina web do equipo de mediación e comentar os nomes do novo grupo de mediadoras/es.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmaximoromerodelema/taxonomy/term/107>

4.- ESCOLA DE FAMILIAS

A “Escola de Familias” é un proxecto baseado nas comunidades de aprendizaxe. Dentro do concepto que ten o Proxecto Educativo de Centro de Portas Abertas, as familias sempre son benvidas ao espazo de toda a Comunidade Educativa.

Este ano continuaremos coas exitosas xornadas de divulgación realizadas en horario extraescolar no Centro. As inquiredanzas do curso pasado entorno ao TDAH foron tratadas coa Asociación INGADA e este ano, nas primeiras reunións que tivemos coa ANPA falouse de continuar na liña de charlas-coloquio-café para falar de xeito distendido de temas que preocupan ás familias: como tratar coa adolescencia, adiccións ás novas tecnoloxías, empatía ... Estas xornadas tentamos que se programen anualmente, tentando que sexan os venres ás 20:00h para que poda asistir o maior número de familias. A intención inicial é facer mínimo unha por trimestre.

A ANPA tamén colabora activamente co Plan de Acción Titorial no Centro para implementar con charlas formativas dentro do horario lectivo ao noso alumnado. Subvencionan charlas de gabinetes psicopedagóxicos da zona para que instrúan en diversos temas de interese para o noso alumnado.

A maiores, este ano, seguimos traballando nos Proxectos Colaborativos coa comunidade. “Ao son do rural” é o proxecto central co que o Centro e a ANPA van a traballar intensamente este ano. A Deputación de Coruña apoiou este proxecto para que a Asociación de Nais e Pais interveña como organizadora e actante nas actividades programadas.

5.- CAMPAÑA DE IGUALDADE 2018-2019

Este ano impártese a asignatura de igualdade en 2º BACH e o alumnado, xunto coa súa profesora, están a dinamizar campañas tan interesantes coma esta:

CAMPAÑA “AMAR É COIDAR”

Como cada ano, o 25 de novembro ten lugar o “DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER”, día no que nos detemos a pensar sobre as causas e consecuencias de este tipo de violencia sobre as mulleres.

A campaña de concienciación contra a violencia de xénero ten que ser cada día do curso, e coa implicación de toda a comunidade educativa. Para iso estamos a desenvolver estratexias e propostas educativas de análise de causas e consecuencias e traballar propostas educativas que axuden aos rapaces e rapazas a identificar e rexeitar todo tipo de violencia e, en concreto, a que se exerce sobre as mulleres, rapazas e nenas.

Baixo os lemas *#Amor non é control*, *#Amar é coidar* na semana do 19 ao 23 de novembro centrámonos nos rapaces e rapazas, nos adolescentes, onde o tipo de violencia sobre as rapazas baséase no control nun senso amplo: sobre os seus amigos, vestimenta, ocio, redes, sociais, ou móbil. E por iso, precisamente, a campaña terá como fío condutor as redes sociais e móbil:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmaximino.romero.delema/node/678>

6.- PROTOCOLO ACTUACIÓN FOLGAS ALUMNADO

XUNTA DE DELEGADOS/AS

Solicitar á Dirección do Centro unha reunión da Xunta de Delegados/as.

Informar dos motivos da folga, sobre quen a convoca e proceder ao debate e a toma de decisións.

Acordar a convocatoria de asembleas de aula.



XUNTA DE DELEGADOS/AS

Convocar asemblea de grupo (nunca se desenvolverán en sesións lectivas)

Informar dos motivos da folga, sobre quen a convoca e proceder ao debate e toma de decisións.

Levantar acta da reunión coas decisións adoptadas (Anexo I). A acta incluírá a relación de alumnos/as que se suman á citada convocatoria, na que figura o seu DNI e a sinatura individual de cada un deles.

Entregar ao equipo directivo, con 72 horas de antelación ao día da folga, a acta (Anexo I)



EQUIPO DIRECTIVO

Entregar ao titor/a do grupo copia da acta ([Anexo I](#)) e copias individuais do [Anexo II](#).

TITOR/A

Entregar ao alumnado (con 48 horas de antelación ao día de folga) o [Anexo II](#), para que as familias asinen a súa conformidade. Os maiores de 18 anos poderán asinala eles mesmos.

ALUMNO/A

Entregar ao titor/a, con anterioridade ao día da folga, o [Anexo II](#) asinado polo pai, nai ou titor/a legal no que se recolle que están informados do seguimento da folga por parte dos seus fillos/as.

TITOR/A

Xustificar as faltas dos alumnos anotados na acta e que entregaron o Anexo II asinado polo seu pai/nai/titor/a legal.

Xustificación das faltas de asistencia nunha xornada de folga.

O alumnado deberá ter a conformidade dos seus pais/nais/titores/as legais para secundar a folga, expresada mediante a sinatura e a entrega dos anexos de este protocolo con anterioridade ao día da folga.

A decisión colectiva de secundar unha folga tan só pode ser tomada polo alumnado a partir do 3º curso da ESO. (Estas decisións colectivas non impiden que cada alumno/a, a título individual, poida non secundar a convocatoria de folga e asistir a clases con normalidade.)

O alumnado que presente o Anexo II ao titor/a non deberá asistir ao centro. Se considerará que todo o alumnado que suba ao transporte escolar e/ou entre no recinto do centro non está en folga e terá as clases correspondentes, non podendo abandonar o centro ata que remate o seu horario escolar.

A non asistencia a clase do alumnado como consecuencia da participación nunha folga legalmente autorizada e sempre que se siga o protocolo establecido polo centro, terá a consideración de "falta xustificada".

O alumnado de 1º e 2º curso da ESO non poderá tomar decisións colectivas con respecto á asistencia á clase e/ou á participación nunha folga.

Consecuencias que pode ter a non asistencia ás clases nunha convocatoria de folga

A celebración de probas ou exames previstos na xornada de folga non poderá causar un prexuízo irreparable ao alumnado que a secunda. Por esta razón non se realizarán probas ou exames nas xornadas de folga.

O profesorado poderá impartir clases con normalidade ao alumnado que asista ás clases e explicar contidos da materia.

Non terá consideración de folga, e polo tanto non estará amparada polo presente regulamento, o abandono colectivo da aula por un grupo de alumnos. Tales condutas serán consideradas como faltas contrarias ás normas de convivencia.

Xustificación legal

Artigo 6º e 8º da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (modificada pola disposición derradeira primeira da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación)

ANEXO I ACTA DA ASEMBLEA DO ALUMNADO

Asunto: Convocatoria de folga

Curso: Grupo:

Acto convocado:

Data convocatoria: Duración:

Organización que convoca:

Acordo da asemblea:

RELACIÓN DE ALUMNADO QUE SECUNDA A FOLGA:

NOME E APELIDOS: DNI: SINATURA:

1.

2.

3.

4.

5.

6.

7.

8.

9.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES "Maximino Romero de Lema"
881 960 015 Prado da Torre s/n 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

10.

11.

12.

13.

14.

15.

16.

17.

18.

19.

20.

21.

22.

23.

24.

25.

26.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES "Maximino Romero de Lema"
881 960 015 Prado da Torre s/n 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

27.

28.

29.

30.

31.

32.

33.

En Baio , a _____ de _____ de 201__

O/A DELEGADO/A DO GRUPO,

Asdo. _____

Sr. Director do IES Maximino Romero de Lema

ANEXO II COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS DA DECISIÓN COLECTIVA DE FOLGA DE ALUMNOS

D/Dna. _____ director/a do IES Maximino Romero de Lema,

INFORMA:

1. Que o centro ten coñecemento de que está convocada unha folga de estudantes de acordo cos seguinte datos:

(Devolver este documento ao titor/a debidamente cumprimentado e asinado)

Acto convocado: FOLGA DE ESTUDANTES

Organización que convoca:

Etapas convocadas á folga:

Data convocatoria:

Duración:

Motivo convocatoria:

2. Que o alumnado do grupo ____ do ____ curso da (etapa) _____ decidiu en ASEMBLEA, celebrada o pasado día ____/_____/_____, secundar a dita convocatoria de folga.
3. Que o seu fillo/a figura na relación de alumnos/as facilitada pola persoa Delegada do grupo.
4. Que no caso de participar na citada folga, co fin de non entorpecer o normal desenvolvemento das clases, o alumno/a non deberá asistir ao centro.
5. Que se o alumno/a, a pesar de secundar a folga, sube ao transporte escolar e/ou entra no recinto do centro, non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade, non podendo abandonar o centro ata que remate o seu horario escolar.

En Baio, a ____ de _____ de 201 ____

O director/a,

Asdo. _____

—

Nome do alumno/a: O pai/nai/titor/a legal: (se o alumno/a é menor de idade)

Asdo. _____ Asdo. _____

ANEXO III COMUNICACION INDIVIDUAL DE PARTICIPACIÓN EN FOLGA

D/Dña. _____ director/a do IES Maximino Romero de Lema,

INFORMA:

1. Que o centro ten coñecemento de que está convocada unha folga de estudantes de acordo cos seguinte datos:
2. Que o alumnado pode, a título individual, participar nesa convocatoria. Nese caso o alumno/a deberá cumprimentar os seus datos, asinar este documento e devolvelo ao centro. Se o alumno/a fose menor de idade (< 18 anos), este documento deberá ser asinado tamén polo seu pai/nai e/ou titor/a legal e devolto ao centro.
3. Que alumno/a que decida participar na folga non deberá asistir ao centro, co fin de non entorpecer o normal desenvolvemento das actividades ordinarias.
4. Que se o alumnado sube ao transporte escolar e/ou entra no recinto do centro, non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade, non podendo abandonar o centro ata que remate o seu horario escolar.

En Baio, a ____ de _____ de 201__

Acto convocado:

Organización que convoca:

Etapas convocadas á folga:

Data convocatoria: Duración:

Motivo convocatoria:

Nome e apelidos:

Data de nacemento: Curso: Grupo:

O alumno/a: O pai/nai/titor/a legal: (se o alumno/a é menor de idade)

Asdo. _____ Asdo. _____

Sr. Director do IES Maximino Romero de Lema

O alumnado, en caso de folga, deberá aplicar o seguinte protocolo de actuación:

1. O alumnado menor de 18 anos deberá entregar ao titor a comunicación de participación a título individual (Anexo I Folga) asinado polo alumno/a e polo representante legal.
2. Os alumnos maiores de idade deberán entregar a comunicación de participación a título individual (Anexo I Folga) asinada, sen necesidade da sinatura paterna.
3. Cando o alcance da folga sexa exclusivamente o do propio centro a xunta de delegados redactará unha exposición dos motivos que os levan a convocar a folga na que se incluírá a súa xustificación.
4. Cando o alcance da folga sexa superior ao propio centro ha de estar convocada por organizacións sindicais legalmente constituídas.
5. Cando o alcance da folga sexa exclusivamente o dun grupo o/a delegado/a redactará unha exposición dos motivos que os levan a convocar a folga na que se incluírá a súa xustificación.
6. A persoa que presida a xunta de delegados/as ou a persoa delegada da clase entregarán a acta de convocatoria de folga, xunto coas actas de asembleas dos grupos, a un membro do equipo directivo ou en secretaría, con non menos de 48 horas de antelación ao desenvolvemento da folga.
7. Dada unha convocatoria de folga, sexa de ámbito interno ou externo, a adhesión do alumnado á mencionada folga será decidida en asembleas de grupo, convocadas por cada grupo, da que será preciso levantar acta, na que se incluírá unha lista dos participantes na mesma (Anexo I). Esta acta será entregada ao equipo directivo con 48 horas de antelación ao día da folga.
8. No caso dos grupos de 1º e 2º de ESO será necesaria unha autorización individual asinada polos pais ou titores legais por cada un dos participantes na folga (Anexo II).
9. En caso de que nunha convocatoria de folga se decidise colectivamente non secundala, o alumnado que decida individualmente facelo, deberá presentar un documento de comunicación por escrito, onde consten os seus datos persoais, curso no que está matriculado, o motivo da folga, a duración da mesma e a súa adhesión á mesma. Este documento deberá ser entregado a un membro do equipo directivo ou en secretaria, con non menos de 48 horas de antelación ao desenvolvemento da folga.

En caso de alumnos de 1º ou 2º de ESO, o documento deberá estar asinado polos pais ou titores legais.
10. En calquera dos casos anteriores o centro deberá informar por escrito aos pais/nais ou titores legais de todo o alumnado menor de idade das seguintes cuestións: (Anexo III)
 - a) As datas nas que o alumno/a menor de idade secundará a folga.
 - b) Que nesas datas, co fin de non entorpecer o normal desenvolvemento das clases, o alumno/a non deberá asistir ao centro.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES "Maximino Romero de Lema"
881 960 015 Prado da Torre s/n 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

c) Que no caso de que un alumno/a acudir ao centro non se lle terá en conta a súa decisión de participar na folga e deberá asistir a clase con normalidade.